

ACTA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, DUN PEÓN FORESTAL PARA O OBXECTO "LIMPEZA FORESTAL" NO CONCELLO DE CURTIS MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN.

Sendo as 11:00 horas do día 17 de setembro de 2021, reúnense nas oficinas municipais sitas en Curtis os membros que forman parte do Tribunal Cualificador designado por Resolución da Alcaldía núm. 591/2021 de data 16/09/21, como órgano competente do proceso selectivo enriba referido.

Constitúen dito Tribunal:

- Presidenta: Marta Roca Souto, responsable da oficina electrónica, persoal laboral fixo da administración local.
- Vogal: Luis García Vázquez, operario, persoal laboral fixo da administración local.
- Vogal: Antonia M^a Regueira Camaniel, auxiliar administrativa, persoal laboral fixo da administración local.
- Vogal: Jesús Sánchez García, operario persoal laboral fixo da administración local.
- Secretario: Óscar López Figueroa, administrativo funcionario de carreira da administración local.

Procédese á elaboración do exercicio da fase de oposición do proceso selectivo de acordo ao establecido pola base oitava do mesmo, isto é:

"FASE DE OPOSICIÓN: proba práctica.

Proba práctica: Puntuación máxima: 10 puntuación mínima: 5

Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada co posto de traballo a desenvolver, proposta polo tribunal cualificador. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta os criterios de preferencia marcados no art. 14 da citada Orde relativos aos colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, e se for o caso, aqueles que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, que serán os que se especifican a continuación e polo seguinte orden de preferencia:

- 1) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.*
- 2) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.*
- 3) Parados/as de longa duración.*
- 4) Persoas con discapacidade.*
- 5) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.*
- 6) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.*
- 7) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.*
- 8) Por último, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento."*

Os membros do Tribunal acordan que a proba práctica consista na realización de varios exercicios relacionados coa maquinaria e traballos propios do posto, nun tempo máximo de quince minutos, dos que queda reflexo no propio expediente sobre as deliberacións do tribunal.

Sendo ás 11:35 horas, procédese ao chamamento dos aspirantes de acordo ao establecido polas bases, así coma a súa identificación por medio da presentación do DNI.

Realizado o chamamento, constan coma presentados e non presentados os seguintes aspirantes:

DNI	Apelidos e Nome	Presentado
*925F	Barreiro Méndez, José Luis	SI
*845X	Estraviz Sánchez, Manuel	SI
*551X	Paredes Lage, Ángel Manuel	SI
*765P	Platas Villar, Rosa María	SI
*884B	Sánchez Arto, Casimiro	SI

Unha vez realizada a proba práctica, as puntuacións acadadas polos aspirantes na proba práctica son as seguintes:

DNI	Apelidos e Nome	Puntuación
*925F	Barreiro Méndez, José Luis	7
*845X	Estraviz Sánchez, Manuel	NON APTO
*551X	Paredes Lage, Ángel Manuel	NON APTO
*765P	Platas Villar, Rosa María	NON APTO
*884B	Sánchez Arto, Casimiro	NON APTO

Dado que os candidatos que superaron o exercicio non presentaron o Celga, realízase a proba de galego de conformidade coa base terceira:

"8.- Estar en posesión do Celga 1 ou equivalente. De non acreditarse o coñecemento do galego por esta vía, será obrigatoria a realización dunha proba de galego, de carácter obrigatoria. Este exercicio será cualificado de "apto" ou "non apto" (artigo 51 Lei emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril)."

Unha vez realizada a devandita proba, o aspirante que superou o proceso selectivo obtivo a seguinte puntuación:

DNI	Apelidos e Nome	Puntuación
*925F	Barreiro Méndez, José Luis	APTO

Finalizadas as probas selectivas, resultan as seguintes cualificacións finais do aspirante que superou o proceso selectivo:

De acordo coa cualificación anterior, este Tribunal propón a contratación de don José Luis Barreiro Méndez, con DNI *925F coma persoal laboral temporal, peón forestal para o obxecto "limpeza forestal".

O aspirante que superou o proceso selectivo deberá presentar a documentación que se sinala na base novena das bases xerais para proceder a súa contratación.

Sendo as 12:00 horas, levántase a sesión, en Curtis, 17 de setembro de 2021.

A presidenta



O secretario



Os vogais

